

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE  
DEREITO DE OURENSE**

**ACORDOS ADOPTADOS NAS REUNIÓNS DA COMISIÓN ACADÉMICA DENDE O DÍA 8 DE  
OUTUBRO DE 2012 ATA O DÍA 26 DE MARZO DE 2014**

**ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2012**

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 10 de setembro de 2012<sup>1</sup>.
- (ii) Non poner en marcha o Máster Universitario en Avogacía da Facultade de Dereito de Ourense para o curso académico 2012-2013.
- (iii) Á vista do acordo anterior, non adoptar ningunha toma de decisión en relación coa aprobación dos horarios do curso 2012-2013.

**ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE ABRIL DE 2013**

Acórdase por asentimento:

- (i) Nomear secretario accidental da comisión académica do máster a D. Luis Manuel Salgado Carbajales por ausencia do secretario titular.
- (ii) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 10 de outubro de 2012<sup>2</sup>.
- (iii) Aprobar a PDA e o POD do máster para o curso académico 2013/2014<sup>3</sup>.

**ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2013**

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 8 de abril de 2013<sup>4</sup>.

---

<sup>1</sup> Adxúntase no anexo I copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>2</sup> Adxúntase no anexo II copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>3</sup> No libro de actas da comisión académica do máster non se adxuntou a documentación anexa necesaria para coñecer o contido do acordo adoptado.

<sup>4</sup> Adxúntase no anexo III copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

- (ii) Aprobar as guías docentes do máster para o curso académico 2013/2014<sup>5</sup>.
- (iii) Aprobar a relación provisional de alumnas/os admitidas/os no máster para o curso académico 2013/2014<sup>6</sup>.
- (iv) Ratificar a proposta de adxudicación de prazas elaborada e presentada polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense en relación cos avogados en exercicio que impartirán docencia no máster no curso académico 2013/2014, consonte ao disposto na cláusula segunda do convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense de 16 de maio de 2012<sup>7</sup>.

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2013

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 8 de xullo de 2013<sup>8</sup>.
- (ii) Aprobar o listaxe provisional de alumnas/os admitidas/os no máster para o curso académico 2013/2014 e delegar na xefa de servizo de Secretaría de Alumnos a elevación a definitiva desta lista, no caso de que non haxa ningunha novidade, debido á premura dos prazos e as dificultades para convocar unha nova comisión académica<sup>9</sup>.
- (v) Aprobar que a docencia se imparta en horario de tarde, de 16:15 a 20:30 h., de luns a xoves. Preferiblemente se repartirá a docencia entre profesores universidade e avogados a razón de dúas horas cada un por tarde. Decídese concentrar a docencia das materias de dúas en dúas. A orde de docencia das materias queda como segue: 1.º cuatrimestre: Práctica Civil I + Práctica Penal I, Deontoloxía, organización profesional e turno de oficio + Práctica Administrativa, Práctica extraxudicial + Práctica Mercantil; 2.º cuatrimestre: Práctica Civil II + Práctica Penal II, Práctica Tributaria + Práctica Laboral e da Seguridade Social + Prácticas Externas Básicas. A CA delega na coordinadora académica, no coordinador profesional e no secretario a confección exacta dos horarios.

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2013

<sup>5</sup> No libro de actas da comisión académica do máster non se adxuntou a documentación anexa necesaria para coñecer o contido do acordo adoptado.

<sup>6</sup> No libro de actas da comisión académica do máster non se adxuntou a documentación anexa necesaria para coñecer o contido do acordo adoptado.

<sup>7</sup> Adxúntase no anexo IV copia verificada pola secretaria da comisión académica do acordo de adxudicación de prazas co listaxe de avogados admitidos e excluídos, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>8</sup> Adxúntase no anexo V copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>9</sup> Adxúntase no anexo VI copia da listaxe, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 9 de setembro de 2013<sup>10</sup>.
- (ii) Aprobar os orzamentos do máster do ano 2013<sup>11</sup>.
- (iii) Aprobar os orzamentos do máster do ano 2014<sup>12</sup>.
- (iv) Consituir unha subcomisión para a elaboración do Regulamento do traballo de fin de máster integrada polos seguintes membros da comisión académica:
  - 1. Prof. Dr. D. Virxilio Rodríguez Vázquez, coordinador académico do máster.
  - 2. Prof. Dr. D. Roberto O. Bustillo Bolado, profesor académico.
  - 3. O profesor-avogado que designe o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.
- (v) Consituir unha subcomisión para a elaboración do Regulamento de prácticas externas do máster integrada polos seguintes membros da comisión académica:
  - 1. Letrado D. Marcos Vázquez Guzmán, coordinador profesional do máster.
  - 2. Prof. Dr. D. Roberto O. Bustillo Bolado, profesor académico.
  - 3. O profesor-avogado que designe o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.

## **ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2013**

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 26 de novembro de 2013<sup>13</sup>.
- (ii) A modificación do POD das materias de Práctica Extraxudicial, Práctica Civil II e Práctica Penal II para o curso académico 2013-14 para cubrir a docencia e a coordinación de materia que ten asignada a Prof.<sup>a</sup> Dra. M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes, que causou baixa por maternidade, do seguinte xeito:
  - 1. As 4 horas na materia de Práctica Extraxudicial xunto coas 12 horas na materia de Práctica Civil II se asignan á Prof.<sup>a</sup> Dra. Esther Pillado González.

---

<sup>10</sup> Adxúntase no anexo VII copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>11</sup> Adxúntase no anexo VIII copia verificada pola secretaria da comisión académica do orzamento aprobado, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>12</sup> Adxúntase no anexo IX copia verificada pola secretaria da comisión académica do orzamento aprobado, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>13</sup> Adxúntase no anexo X copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

2. As 12 horas na materia de Práctica Penal II se asignan ao Prof. Dr. Pablo Grande Seara.
  3. A coordinación da materia Práctica Penal II se asigna ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez, Coordinador do Máster e docente na dita materia.
- (iii) Aprobar os horarios correspondentes ao segundo cuadrimestre do curso académico 2013/2014<sup>14</sup>.
- (iv) Non habilitar unha proba extraordinaria de avaliación na materia Práctica Civil I.

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE MARZO DE 2014

Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 12 de decembro de 2013<sup>15</sup>.
- (ii) Aprobar a memoria económica da execución do orzamento correspondente ao ano 2013<sup>16</sup>.
- (iii) Aprobar o calendario de probas correspondentes á segunda oportunidade de avaliación (convocatoria de xullo) do curso 2013-2014<sup>17</sup>.
- (iv) Aprobar a normativa de Traballo de Fin de Máster do Máster Universitario en Avogacía coas correccións lingüísticas, de formato e de estilo introducidas pola área de normalización lingüística da Universidade de Vigo<sup>18</sup>.
- (v) Aprobar a PDA do Máster Universitario en Avogacía para o curso 2014/2015<sup>19</sup>.
- (vi) Aprobar o POD do Máster Universitario en Avogacía para o curso 2014/2015<sup>20</sup>.
- (vii) Aprobar por asentimento o cadro de recoñecementos do Máster Universitario en Avogacía para o curso 2014/2015<sup>21</sup>.

---

<sup>14</sup> Adxúntase no anexo XI copia verificada pola secretaria da comisión académica dos horarios aprobados, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>15</sup> Adxúntase no anexo XII copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>16</sup> Adxúntase no anexo XIII copia verificada pola secretaria da comisión académica da memoria aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>17</sup> Adxúntase no anexo XIV copia verificada pola secretaria da comisión académica do calendario de probas aprobado, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>18</sup> Adxúntase no anexo XV copia verificada pola secretaria da comisión académica da normativa aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>19</sup> Adxúntase no anexo XVI copia verificada pola secretaria da comisión académica da PDA aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>20</sup> Adxúntase no anexo XVII copia verificada pola secretaria da comisión académica do POD aprobado, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>21</sup> Adxúntase no anexo XVIII copia verificada pola secretaria da comisión académica do cadro de recoñecementos aprobado, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

## ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE MARZO DE 2014

Acórdase por asentimento:

(i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 5 de marzo de 2014<sup>22</sup>.

(ii) Aprobar a Normativa de desenvolvemento das prácticas externas do Máster Universitario en Avogacía da Facultade de Dereito coas correccións lingüísticas, de formato ou de estilo introducidas pola área de normalización lingüística da Universidade de Vigo<sup>23</sup>.


(iii) Ofertar o seguinte número de prazas para o Máster Universitario en Avogacía para ou curso 2014/2015:

1. Oferta prazas estranxeiros: 2
2. Oferta prazas nacionais: 28
3. Oferta prazas formación continua: 5
4. Oferta prazas totais: 30

(iv) Aprobar a declaración de intencións sobre a modificación do título de Máster Universitario en Avogacía.

Ourense, 27 de marzo de 2014

A secretaria



Marça Fernández Prieto

---

<sup>22</sup> Adxúntase no anexo XIX copia verificada pola secretaria da comisión académica da acta aprobada, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.

<sup>23</sup> Adxúntase no anexo XX copia verificada pola secretaria da comisión académica da normativa aprobada e remitida a área de normalización lingüística da Universidade de Vigo, segundo consta no libro de actas da comisión académica do máster.